

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACION O DÍA 17/03/2016, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.**

**ASISTENTES**

**Concelleiros**

**Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)**

José Marcote Suárez  
Soledad Vilela Romero  
Alexandre Domínguez Lado  
María Rocío Mariño López

**Concelleiros**

**Partido Popular (PP)**

José Manuel Traba Fernández  
Daniel Juan Benloch Rivas  
Santiago Insua Esmorís-Recamán

**Bloque Nacionalista Galego (BNG)**

Xan Carlos Sar Oliveira  
Teresa Fernández Martínez

**Converxencia Galega**

Juan Agustín García Pouso

**Secretario**

José Ramón Lema Fuentes

**Non asiste**

María del Rocío Marcote Canosa

**ORDE DO DÍA**

- 1º.- Ratificación, se procede, da urxencia da convocatoria.--
- 2º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.
- 3º.- Aprobación provisional Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra.-

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 21:00 horas, do día 17/03/2016, reúnense no salón de sesións da casa do concello, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, **coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación**, coa seguinte:

1º.- Ratificación, se procede, da urxencia da convocatoria.-

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda ratificar a urxencia da Convocatoria ante a necesidade de someter o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra a súa aprobación provisional, antes de que se produza a entrada en vigor da nova Lei do Suelo.-

2º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.

Sometida a votación a do día 15 de Febreiro de 2016 acordase por unanimidade dos asistentes, deixalo sobre a mesa para a próxima sesión.-

3º.- Aprobación provisional Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra.-

Á vista do contido da Disposición Transitoria Segunda da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia e unha vez dado conta do expediente tramitado para redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra, aprobado inicialmente en sesión plenaria do día 31 de Decembro de 2007,

**INTERVENCIONS**

Sr. Alcalde

Unha das promesas deste equipo de goberno era a de facer o Plan Xeral coa finalidade de garantir xuridicamente o saber onde e como se pode edificar así como determinar os espazos comúns, de equipamento e zonas verdes

Nós o único que fixemos foi tomar o documento que estaba xa listo pendente do Informe de Patrimonio, Medio Ambiente e Augas solventando os requisitos para que nos deran os informes favorables.

Para que non nos afecte a nova lei aproveitamos o Documento do Plan xa existente, dado que facer un novo sería longo e afectaría coa aplicación da nova Lei do Solo, problemas xurídicos existentes incluídos para

particulares que en principio se solucionarían coa aprobación do Plan Xeral de aí a premura de aprobalos provisionalmente nestes momentos.

Considero que o documento debe ter un consenso amplo de todos os grupos políticos e realmente pensamos que dadas as circunstancias e dado que o proxecto nos seus fundamentos vén do goberno anterior, nós só acabamos a faena para aprobalos.

Os problemas máis importantes foron os informes sectoriais de medio ambiente, protección do litoral xa que esixiron sacar zonas de longo prazo.

Desde a Xunta o crecemento de Fisterra considéranlo negativo ante a existencia de demasiadas vivendas e que o solo é suficiente para un tempo longo.

Pediría polo tanto que de aquí saíra un plan de todos para solucionar o problema urbanístico de Fisterra e garantir a súa eficacia fronte ás administracións.

#### Sr. García Pouso do Grupo Convergencia Galega

O meu voto será favorable, primeiro porque é unha promesa que lle fixen aos electores e porque creo que nestes temas e noutros tamén, debemos deixar ao lado a política.

Hai certas cousas que teñen que ser de todos, é certo que o Plan ten fallos, pero hai que ser valientes e sopesar as consecuencias de non aprobalos, porque hai encima unha lei que pode ser prexudicial.

Defenderei este plan consciente das dificultades que ten; polo tanto a miña postura é positiva aquí e fóra de aquí. E necesario salvar problemas xudiciais para algunhas familias e na nosa man está estar á altura demostrandollos.

Son consciente de que despois de que se aprobe o Plan tería o Sr. Alcalde que facer viaxes a Santiago e por desgraza a algunhas administracións dado que xogan con nós,

na Xunta sempre hai un paisano que di que hai unha paisaxe que hai que protexer porque seguramente vai de vez en cando, os temas non se ven desde un despacho senón desde a realidade.

Nós somos os que temos que dicir o que debemos facer; polo que vostede Sr. Alcalde e co noso apoio ten que plantarse para que ninguén diga o contrario.

#### Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

Dicir que cando se elaborou o plan no ano 2000, o BNG e PSOE votaron en contra e co motivo da aprobación inicial no ano 2007 tamén .

Actualmente non contan con este grupo, non ensinan os planos para saber como queda a ordenación urbanística no Plan Xeral, unicamente nos mandan un soporte informático que non dá tempo de poder examinar.-

Se nos di que hai que aprobalos antes do día 19/03/2016 pola entrada en vigor da Lei do Solo, pero considero que este non é motivo suficiente, entendemos que é necesario seguir loitando contra o informe de Patrimonio e resolver o que nel se establece pero non tragar todo o que se nos di por este Organismo .-

O Informe actual que Patrimonio emite é en sentido favorable pero condicionado, o de Augas de Galicia, favorable, de Montes favorable e o da Demarcación de Costas en Galicia, desfavorable previo á aprobación definitiva.

Por todo elo, non estamos de acordo con plantexamento que se fixo para someter este Plan Xeral á aprobación deste Pleno.-

#### Sr. Alcalde

Existen espazos urbanizables difíciles de solucionar pero trátase de ver os pros e os contras que poidan existir; valoramos a gravidade que se podía provocar no caso de non se aprobar o Plan Xeral, porque de acordo coa nova Lei daría lugar a un maior gasto económico para redacción dun novo e sería volver a empezar.

Ante pelexar ou aprobalos provisionalmente agora, decidimos aprobalos nesta sesión.

#### Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

A aprobación do plan vén a salvar unha chea de obstáculos e complicacións, provocadas pola maneira en que vostedes gobernaron, e a política do "Ti vai facendo". Hai que dicilo claro. Este plan en esencia, é o que vostedes iniciaron e comezaron a elaborar, e que despois pararon e meteron nun caixón, ante a avalancha de problemas de pleitos e derribos de casas ilegais, produto da súa paralela e obscura xestión urbanística. E nós, con responsabilidade e deber de ter que sacalo adiante, tivemos que facer, en base ao seu plan, que insisto, tiveron parado intencionadamente un labor de moito traballo e reunións para sacarlle o pó e adecualo á realidade de 2016. Sobre o que tiñan, só incorporamos e revisamos as recomendacións e prescricións que os Entes de Urbanismo, Patrimonio e Medio Ambiente, que lles recordo son da Xunta do PP indicaron.

A mesma Xunta que entendeu que ás aberracións urbanísticas toleradas en Fisterra á marxe de calquera planificación non tiñan cabida no Plan. Polo tanto este documento preserva parte do voso plan, que propoñía as cousas normais e retiran as aberracións que intentaron colare que os seus amigos da Xunta baixo ningún concepto permitiron, por iso o tiñan parado. Co cal entendo a vosa decisión de absterse contra este documento e porque non son capaces de recoñecer o seu documento, é porque non son capaces de recoñecer o seu documento unha vez que se traballou conxuntamente coa Xunta para eliminar as aberracións que tiña. Ese é o voso modo de facer política. O noso e mirar polos intereses conxuntos de todos os Fisterráns

Vistos os informes que constan no mesmo, o Pleno da Corporación por Sete votos a favor ( 4 PSdG-PSOE, 2 BNG e 1 Convergencia galega ) e sen a participación dos Concelleiros do grupo popular asistentes , acorda :

1) Aprobar provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra en base ó Documento urbanístico redactado por parte da Empresa adxudicataria Eptisa Servicios de Ingeniería S.A. de data Marzo de 2016 comprensivo de:

NUMERO	TOMO	DESCRIPCION
I	I	Memoria descriptiva e xustificativa
II		Estudo do Medio Rural
III		Análise do Modelo de Asentamento Poboacional
IV		Planos de Información
V		Planos de Ordenación
	II	
VI		Normas Urbanísticas
VII		Estratexia de actuación
VIII		Estudo Económico
IX		Catálogo de elementos a protexer ou recuperar
X		Informe de Sustentabilidade Ambiental
XI		Informe de Sustentabilidade Económica
XII		Documento de Consultas
XIII		Resumen executivo

2) Remitir certificación deste acordo aos Organismos Oficiais competentes coa finalidade de que se emitan os Informes preceptivos dentro do prazo regulamentario para posterior aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o **Alcalde-Presidente** remata a sesión, ás 21:50 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.